

Ferrol-San Xiao

Arciprestado da diocese de Mondoñedo-Ferrol. Esta división territorial foi creada en 1968, ano en que o espazo diocesano quedou organizado en 32 arciprestados, detraendo o seu territorio do anterior arciprestado de Ferrol, sobre o que se crearon tres demarcacións.

Terá continuidade trala división promovida polo bispo Gea Escolano en 1988, momento este no que o arciprestado estaba constituído por 14 freguesías urbanas de carácter unicamente eclesiástico, demarcadas na cidade de Ferrol.

Desapareceu a raíz do decreto episcopal de 2006, pasando o seu territorio, conxuntamente co de Ferrol-O Chamorro, a formar unha única demarcación denominada arciprestado de Ferrol.